ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL CATORCE

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE ACCTAL.:** D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª M. DEL CARMEN ESPADA CORTIZAS D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª ANGEL PERFECTO CASTRO RICO D/Dª JUAN PABLO MAURIZ ROMERO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª MIGUEL DE SANTIAGO BOULLON D/Dª PABLO JAVIER PRIETO PERILLE D/Dª PATRICIA ANEIROS FREIRE D/Dª MARCOS LOPEZ BALADO D/Dª MANUEL PIGUEIRAS LOPEZ D/Dª GONZALO IGLESIAS BLANCO D/Dª AURORA PIGUEIRAS MARTINEZ D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ D/Dª TERESA JESUS SABIO RODRIGUEZ D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª MARIO ISASI MENDEZ D/Dª MARIA JOSE RODRIGUEZ PORTO **NON ASISTEN:** D/Dª JOSE MANUEL BLANCO SUAREZ D/Dª HIPOLITO FARIÑAS SOBRINO **SR. INTERVENTOR ACCTAL.:** D/Dª MANUEL G. ANTÓN VILLAMIL **SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:** D/Dª MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA	Na casa do Concello de Narón, ás 10:05 do trinta de decembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. alcalde acctal., GUILLERMO SANCHEZ FOJO, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, o Concello Pleno deulle a súa aprobación.

2 º.- DACIÓN DE CONTA DA COMUNICACIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL SOBRE DESIGNACIÓN DUNHA CONCELLEIRA DO PARTIDO POPULAR E CONSEGUINTE TOMA DE POSESIÓN.. -"Recibida o vintedous de decembro deste ano Credencial da Xunta Electoral Central de data 17 de decembro do ano que andamos, na que se dí: *"ELECCIONES LOCALES 2011/ CREDENCIAL DE CONCEJALA/ D. CARLOS GRANADOS PÉREZ, Presidente de la Junta Electoral Central, expido la presente CREDENCIAL expresiva de que ha sido designada CONCEJALA del Ayuntamiento de Narón (A Coruña), DªAURORA PIGUEIRAS MARTÍNEZ, por estar incluída en la lista de candidatos presentada por el PARTIDO POPULAR a las elecciones locales del 22 de mayo do 2011, en sustitución, por renuncia, de DªLily Marcela Castro Ascanio, y previa renuncia anticipada de DªPaula Garate Formoso, D.Juan Iglesias Iglesias y D.Jesús Ángel Porta Pita. A los efectos de su presentación en el Ayuntamiento de Narón (A CORUÑA) expido la presente en Madrid, a 17 de diciembre de 2014."*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Procede dar posesión á nova Concelleira.

-A Sra.Pigueiras Martínez xura cumplir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealtade ó Rei e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado e o Sr.alcalde acctal. dalle a benvida á nova concelleira do Partido Popular .

O Concello Pleno, deuse por enterado.

3 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE NOMEAMENTO DE RÚAS DE NOVA APERTURA E CAMIÑOS RURAIS DA ENTIDADE COLECTIVA DE SAN MATEO.. –

Vista a necesidade de poñer nome ás rúas de nova apertura existentes na actualidade.

Logo de levar a cabo un estudio planimétrico dos camiños que forman parte de San Mateo e consultada a Asociación de Veciños sobre a toponimia máis axeitada para levar a cabo unha nova rotulación e numeración destes, e de acordo coa Ordenanza de rotulación de vías urbanas, diseminados e numeración de edificios deste Concello (BOP núm.: 109, do 11 de xuño de 2012).

Visto o ditame favorable, por unanimidade da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servicios de data 15-12-14, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes (achéganse fotos e planos de situación):

PRIMEIRO.- Nomear como **Rúa LAGOA DE BODEIRA, co Código Vial 3169**, a rúa sita no Polígono Industrial das Lagoas, Distrito 4, Sección 11, E. Singular 17, paralela á Rúa Lagoas de Covadonga e entre as rúas Lagoa da Frouxeira e Lagoa de Doniños.

SEGUNDO.- Nomear como **Rúa LAGOA DOS BALUROS, co Código Vial 3170**, a rúa sita no Polígono Industrial das Lagoas, Distrito 4, Sección 11, E. Singular 17, perpendicular ao Camiño de Toraldo.

TERCEIRO.- Propoñer o **nomeamento dos seguintes camiños rurais** que forman parte da Entidade Colectiva de San Mateo, cuxa situación consta no plano que se achega:

1. **CAMIÑO DAS MURALLAS**
2. **CAMIÑO DO BIDUEIRO**
3. **CAMIÑO DO CALVARIO**
4. **CAMIÑO DA POLIÑA**
5. **CAMIÑO DA TREUMA**
6. **CAMIÑO MAXOLO**
7. **CAMIÑO DO CARABUCHAL**
8. **CAMIÑO BARCIA**
9. **CAMIÑO LEIRAS**
10. **CAMIÑO CHOUSA**
11. **CAMIÑO DO CURRO**
12. **CAMIÑO CERRALLAS**
13. **CAMIÑO DA PENA**
14. **TRAVESO DA PENA**
15. **CAMIÑO DA VACARIZA**
16. **CAMIÑO DOS CANEIROS**
17. **TRAVESO CORRAL VELLO VANENCIAS**
18. **CAMIÑO ALFERGO**
19. **CAMIÑO DO VILAR**
20. **CAMIÑO DA CALLIQUEIRA**

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

21. **CAMIÑO DE CAAVEIRO**
22. **ESTRADA DE VALDOVIÑO**
23. **CAMIÑO DA FONTE DAS BESTAS**
24. **CAMIÑO DA RUXIDA**
25. **TRAVESO DA RUXIDA**
26. **TRAVESO ALFERGO**
27. **CAMIÑO DO CASAL**
28. **CAMIÑO DE AGRELO**
29. **CAMIÑO DO LOUREIRO**
30. **CAMIÑO CARBALLAL LESTEIRA**
31. **CAMIÑO DA FONTE**
32. **CAMIÑO DA XILFEIRA**
33. **CAMIÑO DO MUIÑO DO VENTO**
34. **CAMIÑO PAXARON**
35. **CAMIÑO DE LAVANDEIRA**
36. **CAMIÑO DAS VIÑAS**
37. **CAMIÑO DO PIÑOEIRO**
38. **CAMIÑO DO CAMPO DAS RATAS**
39. **TRAVESO DO CAMPO DAS RATAS**
40. **TRAVESO DOS CANEIROS**
41. **TRAVESO DO VILAR**

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 º.- PROPOSTA SOBRE RENOVACIÓN DAS TARIFAS DE AUTOTAXI ANO 2015.. - O día 1 de outubro de 2014, Autotaxi Narón, S.L. presentou no rexistro deste concello unha solicitude co estudo económico sobre os gastos e ingresos para a revisión das tarifas de autotaxi do Concello de Narón correspondente ao ano 2015.

Logo de ver o disposto no artigo 40 da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que regula o réxime económico das tarifas do servizo de taxi, a prestación deste servizo está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que garantizará a cobertura do coste real do servizo en condicións normais de productividade e organización e permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial

O día 6 de outubro de 2014, remitiuse á Asociación de Comerciantes de Narón, á Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios da Coruña copia da solicitude, así como do estudo económico mencionado anteriormente para a súa revisión e presentación das alegacións que estimen oportunas e o 24 de outubro de 2014 enviouse esa mesma documentación á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia e solicitouse informe sobre a revisión das tarifas, así como do aumento de prezos.

O día 23 de outubro de 2014 recibiuse por rexistro de entrada un escrito de alegacións da Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios da Coruña no que consideran desproporcionado, inxusto e lesivo dos dereitos dos consumidores e usuarios o incremento solicitado por Autotaxi Narón, S.L

Tendo en conta o disposto no artigo 40.4 da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia que establece que *"As tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou, no seu caso, polas entidades competentes das áreas territoriais de prestación conxunta, e a tarifas aplicables aos servizos interurbanos serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.*

Para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa á súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, en orde a recadar as consideracións que estime pertinentes.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

En todo, caso a aprobación das tarifas está suxeta á lexislación vixente en materia de prezos.", e logo de solicitar informe á Dirección Xeral de Movilidade sobre a revisión das tarifas de taxi, o día 4 de decembro de 2014 recibiuse por rexistro de entrada co número 26.054 o certificado do secretario da Comisión Permanente do Consello Galego de transportes, no que se acordou por mayoría o informe favorable das mesmas.

Por todo o exposto, e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 18-12-14, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes:

1.- Aprobar o incremento das tarifas urbanas de taxi nun 2% tendo en conta as advertencias sinaladas pola Comisión Especial de transporte público en vehículos de turismo que literalmente di:

"*Descrición: Aprobación do incremento da tarifa urbana nun 2%*

Segundo os datos facilitados polo INE para o ano 2013, o concello de Narón conta cunha poboación de 39.450 habitantes, dispoñendo xa os titulares de taxi de aparello taxímetro e de tarifa urbana

Do análise da tarifa proposta advírtense as seguintes cuestións:

*→**Aspectos de legalidade:** A tarifa prevé un suplemento por cans ou gatos no que non se exceptúan os cans guías, polo que deberá incluír esta excepción de cobro no réxime tarifario.*

*→ **Aspectos de Oportunidade:** Derivados da actual tramitación pola Dirección Xeral de Mobilidade do proxecto de Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, pola que se harmoniza o réxime tarifario dos servizos urbanos e interurbanos de transporte público discrecional de viaxeiros en vehículos de turismo" que, no caso de entrar en vigor, provocaría as seguintes contradicións nas tarifas propostas e a necesidade da súa adaptación:*

- *Polo que respecta á tarifa nocturna (tarifa 3), á tarifa dos sábados (tarifa 2), e á tarifa de domingos e festivos (tarifa 2), faise constar que o proxecto de orde prevé o seu establecemento como un complemento que reflicta unha porcentaxe de incremento sobre a tarifa ordinaria en días laborables.*
- *En relación co suplemento por maleteiro, faise constar que o proxecto de orde prevé que o usuario terá dereito ao transporte gratuíto dun vulto por persoa*
- *En relación co suplemento de Nadal e Noitevella faise constar que o proxecto de orde prevé que os días 24 e 31 de decembro Terán a consideración de festivos a efectos tarifarios, pero non se establece a posibilidade de introducir un suplemento a maiores para os días sinalados*
- *Dada a obrigatoriedade de que os vehículos estean equipados cos correspondentes aparellos taxímetro, fais constar que o proxecto de orde prevé, na determinación da tarifa ordinaria, a inclusión dos seguintes conceptos: valor do paso, tempo de espera e velocidade de cambio de arrastre para unha mior transparencia cara aos consumidores na súa publicidade*

*→**Outras cuestións**: A pesares de que se solicita un incremento lineal dun 2% na tarifa, faise constar que a subida non é lineal e que hai conceptos que son obxecto de redondeo á baixa ou á alza e que non acadan ese incremento solicitado.*

*→**Conclusión:** Logo da súa valoración, a comisión especial de transporte público en vehículos de turismo acordou por unanimidade informas favorablemente as ditas tarifas coas advertencias recollidas anteriormente.*

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN BASES CONCURSO ORDINARIO PRAZA INTERVENTOR/A DO CONCELLO DE NARÓN.. -Considerando o disposto no art. 10 do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, o concurso será o sistema normal de provisión de postos de traballo, no que se terán en conta os méritos xerais, e os méritos específicos directamente relacionados coas características do posto, méritos que poderán ser determinados por cada Corporación local.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

FOLIO _____

En virtude do disposto no art. 13 do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, e o art. 6 da Orde de 10 de agosto de 1994, que atribúe ao Pleno da Corporación respectiva a aprobación das bases específicas do concurso ordinario, asi como o disposto no artigo 92 bis da Ley 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LBRL); modificada pola Lei 27/2013 de 27 de dicembre, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (LERSAL): " *As corporacións locais con postos vacantes aprobarán as bases do concurso ordinario, de acordo co modelo de convocatoria e bases comúns que se aproben no real decreto previsto no apartado anterior, e efectuarán as convocatorias, remitíndoas á correspondente comunidade autónoma para a súa publicación nos diarios oficiais*".

En virtude da modificación operada pola Lei 27/2013, o reparto do total de 30 puntos establecidos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional mediante concursos, as porcentaxes establecidas para o presente concurso son : os méritos xerais deben supoñer mínimo o 80% da puntuación total (24 puntos), os méritos autonómicos non poden superar o 15% da puntuación total (4.5 puntos) e solo o 5% queda reservado aos méritos específicos (1.5 puntos).

Visto que a Relación de Postos de Traballo aprobada polo Concello Pleno de data 27-11-14 prevee a cobertura do posto de interventor/a xeral a través de concurso ordinario, e visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 22-12-14 proponse a este concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para a provisión de posto de Interventor/a vacante reservado a Funcionarios de Administración local con Habilitación de carácter nacional.

BASES ESPECIFICAS PARA A PROVISION DO POSTO DE TRABALLO DE INTERVENTOR/A VACANTE NESTE CONCELLO E RESERVADO A FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACION LOCAL CON HABILITACION DE CARACTER NACIONAL

- Entidad / Agrupación e Provincia:Concello de Narón (A Coruña)

- Denominación y clase del Puesto: Interventor/a do Concello de Narón

- Subescala e Categoría: Intervención-Tesorería ; categoría superior

- Población a 31 de diciembre anterior: 39.568 habitantes

- Nivel de Complemento de Destino : 30

- Cuantía del Complemento Específico : 3586,76 €/mes

• Baremo de méritos específicos

A) formación.- Por cursos de especialización en Facendas Locais; contabilidade e auditoría de administracións públicas territoriais, impartidos polas administracións públicas (Administración xeral do Estado, comunidades autónomas e Administración local), centros e escolas públicas dedicadas especialmente á formación de funcionarios (INAP, EGAP,UNIVERSIDADES PUBLICAS...).

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- .Por cursos de 15-49 horas…… 0,10 puntos
- Por cursos de 50- 74 horas…… 0,15 puntos
- Por cursos de 75-99 horas…… 0,25 puntos
- Por cursos de 100-299 horas…… 0,50 puntos
- Por cursos de 300 horas ou mais..... 1 punto

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada dos títulos ou certificados de asistencia a que se refiren. Non se valorarán os cursos con duración inferior a 100 horas. Para efectos de garantir a actualización dos coñecementos, só serán valorados aqueles cursos cuxa data de expedición do diploma acreditativo sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2000.

A puntuación máxima neste punto será de 1,5 puntos.

Dadas as características deste concello, posto que se trata dun municipio de preto de 40.000 habitantes a corporación municipal acorda primar, á hora de cubrir este posto de traballo, a formación superior adquirida na área económica de intervención (contabilidade e fiscalización) xa que resulta necesario un especialista para o desempeño do posto de traballo.

- Medios de acreditación de méritos.

En ningún caso se valorarán os méritos que non se atopen debidamente xustificados no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.

-Non se prevé a realización de entrevista persoal.

• Comisión de valoración:

Tribunal titular:

Presidente: DªPaula Castro Mazorra, tesoureira do Concello de Ferrol.

Secretario e 1º vogal da comisión de valoración: D. Alfonso De Prado Fernández-Canteli-Secretario do Concello de Narón

2º vogal: D.Alejandro Antelo Martinez-Secretario do Concello de Neda

3º vogal: Dña Ana Cacharrón Castelos-Secretaria do Concello de Bergondo

4º vogal: Dña Pilar M. Pastor Novo-Secretaria do Concello de Culleredo

Tribunal suplente:

Presidente: ----------

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Secretario e 1º vogal da comisión de valoración: D.Manuel Larrosa Rodriguez-Secretario-Interventor do Concello de Ares

2º vogal: D.Rafael Bermúdez Iglesias-Secretario do Concello de Mugardos

3º vogal: Dña M.Fernanda Martinez Parapar Secretaria do Concello de Cuntis

4º vogal: -Ana Mª Prieto Martinez-Interventora do Concello de Valdoviño

No non previsto nestas Bases aplicarase o disposto no Real Decreto 1.732/1994, de 29 de xullo, sobre Provisión de postos de traballo para funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal,así como ás normas que o desenvolve, e a calquera outra que lle sexa de aplicación

Recursos.- as presentes bases poderán ser impugnadas na forma e prazos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembre, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente para a designación do presidente suplente do Tribunal.

TERCEIRO.- Modificar o posto de Interventor/a do Concello de Narón na RPT para incluir os méritos específicos establecidos nas presentes bases.

CUARTO.-Publicar o presente acordo no BOP da Coruña durante o prazo de 15 días

QUINTO.-Notificar o presente acordo ao órgano competente da Comunidade Autónoma e do Estado

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 º.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DUNHA ORDENANZA FISCAL DO CONCELLO DE FERROL.. Vistas as reclamacións presentadas pola alcaldía de Narón ao Concello de Ferrol, pola aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 8 Reguladora da taxa polos servizos prestados polo parque municipal de bombeiros de Ferrol, por estimala lesiva para os intereses das/dos veciñas/os de Narón.
De acordo co disposto no artigo 21.1 k) da Lei de Bases de Réxime Local, e visto o ditame favorable por maioría con 1 abstención do Partido Popular e o resto dos votos a favor (2 TEGA+1 PSdeG-PSOE+ 1 BNG+ 1 GRUPO MIXTO) esta Alcaldía propón á Xunta de Portavoces a adopción dos seguintes acordos:
PRIMEIRO.- Ratificar as dúas alegacións presentadas ao Concello de Ferrol fronte á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 8 Reguladora da taxa polos servizos prestados polo parque municipal de bombeiros de Ferrol, que se transcriben de seguido:
ALEGACION PRIMEIRA
José Manuel Blanco Suárez, DNI nº 32602432N Alcalde-Presidente do Concello de Narón, en nome e representación da entidade que presido, ***COMPARECE e dentro do prazo legal***

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

establecido, formula a seguinte reclamación *contra o acordo de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 8 Reguladora da taxa polos servizos prestados polo parque municipal de bombeiros de Ferrol, en base a:*

PRIMEIRO.- *O Boletín oficial da provincia da Coruña, de data 5 de novembro de 2014, nº 212, publica o anuncio do acordo plenario do Concello de Ferrol, relativo á aprobación provisional das ordenanzas fiscais para 2015, sometendo o expediente a información pública e abrendo un prazo de alegacións que remata o día 12 de decembro do corrente.*

SEGUNDO.- LEXITIMACIÓN. *O Concello de Narón atópase lexitimado como interesado para a presentación de alegacións en virtude do establecido no artigo 52.1 da LRBRL e o artigo 107.1 da LRXAP-PAC, dado que a modificación da citada ordenanza, se dirixe fundamentalmente a establecer unha tarifa que afecta aos servizos prestados nos termos municipais distintos de Ferrol, nos que os seus concellos non teñan subscrito convenio para a prestación daqueles, cumpríndose escrupulosamente polo tanto os requisitos recollidos no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo coa propia interpretación –non compartida- do devandito artigo efectuada por ese Consistorio con ocasión doutra reclamación interposta polo Concello de Narón fronte á ordenanza reguladora da taxa de depuración de augas residuais para o presente exercicio.*

TERCEIRO.- *A proposta de modificación da ordenanza fiscal nº 8, reguladora da taxa polos servizos prestados polo parque municipal de bombeiros de Ferrol, non modifica a condición do suxeito pasivo nin o importe das taxas pola totalidade dos servizos prestados vixentes; antes ao contrario do simple estudio comparativo entre o texto literal da ordenanza en vigor e a proposta de modificación, se constata que a única variación prevista –aos efectos desta alegación- ven referida para o suposto de auxilio na prestación de servizos noutros Concellos non conveniados, ao sinalar:*
"4.-para os servizos realizados noutros termos municipais distintos ao do concello de Ferrol, nos que os seus respectivos concellos non teñan subscrito un convenio para a prestación destes, así como para aquelas entidades públicas e privadas que, atendendo á lexislación vixente, lles corresponda a cobertura dos riscos aos que dirixe a súa actividade ao parque de bombeiros -e carezan así mesmo de dito convenio- aos conceptos anteriormente sinalados sumaráselle o custo de mantemento do servizo, sendo este 5.471 € por servizo."

CUARTO.- *Con data 27 de novembro de 2014, tras o exame do expediente efectuado pola funcionaria do Concello de Narón, Dª Marián Manteiga Fulgueira, esta Alcaldía efectúa solicitude formal ao Concello de Ferrol de copia do expediente administrativo, proposta, informes, estudios económicos e demais documentos relativos á aprobación inicial da modificación da ordenanza indicada. Tal solicitude consta no rexistro de entrada desa entidade local.*
Debe facerse constar neste intre que a pesar de facilitar incluso unha dirección de correo electrónico para axilizar o envío da devandita documentación, a mesma non foi remitida a este Concello á data de redacción do presente, o que provoca sen dúbida unha constatable indefensión a esta administración alegante, e como tal resulta expresamente invocada neste documento.

QUINTO.- *Como xa se indicou, nesa mesma data de formulación da solicitude de copia do expediente levouse a cabo por persoal do Concello de Narón un somero exame da documentación que naqueles intres constaba no expediente da súa razón, podendo constatar a existencia dun*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

estudio económico elaborado por unha mercantil externa ao Concello, no que se manifesta a existencia dun déficit nos custes do servizo. Cabe subliñar neste punto que o devandito estudio non aparece avalado polos servizos económicos municipais de Ferrol, limitándose o Interventor municipal no seu preceptivo informe a efectuar unha mera referencia ao cumprimento dos trámites formais na formación do expediente, e sen que se efectúe naquel documento externo, xustificación razoada ningunha da imposición dunha tarifa de tal desproporción por cada servizo a prestar naqueles termos municipais non conveniados co de Ferrol.

SEXTO.- *Tal ausencia de criterios ou parámetros xustificativos da imposición dunha taxa específica para estes servizos neses outros Concellos que implica a suma do "custo do mantemento do servizo", conduce á nulidade radical da ordenanza provisionalmente aprobada, ao carecer a proposta da base xurídica e económica mínimas que avalen tal decisión. Así mesmo non pode senón sorprender que a proposta derivada do citado estudio económico que pon de manifesto unha grave insuficiencia económica na cobertura do custe do servizo coas tarifas establecidas, non estableza ningún tipo de incremento nas tarifas preexistentes, limitándose a incorporar unha nova contía para uns poucos suxeitos pasivos moi determinados. Contía que por outra banda semella cuasi coincidir con exactitude coa resultante da sinxela división do importe do Convenio actualmente en vigor co Concello de Narón, para a prestación do servizo, e o número de intervencións efectivamente producidas durante o pasado ano (que conduce a pensar na posibilidade dun notable incremento ou merma desa contía en virtude dun feito aleatorio e non predicible como resulta ser o número de sinistros desgraciadamente producidos no termo municipal de Narón).*
O certo é que coa finalidade de compensar a perda económica derivada do remate do convenio para a prestación do servizo de prevención e extinción de incendios subscrito na actualidade co Concello de Narón, e amparándose nun suposto déficit do servizo (que de existir na actualidade tamén existiría obviamente en exercicios anteriores), que debería afectar ao conxunto daquel e dos seus usuarios, o Concello de Ferrol acorda o que indubitadamente supón unha actuación punitiva fronte ao seu concello veciño e fronte a outras entidades públicas e privadas carentes de convenio específico coa cidade departamental para tal fin, facendo casar os números e contas dun xeito aleatorio discriminando aos usuarios do servizo e impoñendo só a determinados suxeitos pasivos o deber de mantemento daquel e exonerando de tal obriga aos demais.

SÉTIMO.- *A fixación aditiva dun concepto fixo na taxa denominado "custo do mantemento do servizo" non é legalmente posible ao non contemplarse de xeito expreso tal previsión na lexislación de facendas locais, nin terse incluído no expediente a concorrrencia de circunstancias xustificadoras desa contía fixa.*
Por riba é doutrina xurisprudencial que a Memoria económico financeira debe conter todas as precisións e xustificacións do desenvolvemento articulado da ordenanza fiscal, de modo que da súa lectura se desprenda non só cal é o custo real ou previsible do servizo no seu conxunto ou, no seu defecto, o valor da prestación recibida, senón ademais a xustificación razoada –ausente no estudio externo examinado pola funcionaria municipal de Narón- que levou á determinación dos criterios de cuantificación da cota para a elaboración das liquidacións, debendo conter a explicación procedente que xustifique o cumprimento dos principios tributarios –igualdade e xustiza tributaria-, recollidos no noso ordenamento xurídico e esixencia en todo caso do mandato constitucional de interdición da arbitrariedade.
En definitiva se ben é certo -en termos xerais– que o principio de equivalencia que ten que presidir o establecemento das taxas pola prestación dun servizo público, esixe e demanda que o importe total estimado dese tributo non resulte superior ao custo real ou previsible global ou no

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

seu conxunto do servizo público o actividade de que se trate; non o é menos que o propio Tribunal Supremo en profusa xurisprudencia impón a necesidade de xustificar o gravamen aplicado, lembrando que a aprobación da Memoria económico-financeira constitúe non un mero requisito formal, senón unha auténtica peza clave para a exacción das taxas; así como un medio de garantir, xustificar e controlar polos suxeitos pasivos o respecto ao principio de equivalencia e por ende, resulta igualmente imprescindible para evitar a indefensión do administrado ante actuacións administrativas arbitrarias.
Di o Alto Tribunal que os interesados afectados pola imposición das taxas locais, deben ter a posibilidade de coñecer as razóns que levan á Administración local á imposición das taxas e que xustifiquen, non só a cota global a aplicar, senón tamén as razóns que motivaron, no seu caso, a fixación das tarifas correspondentes ou, en definitiva, dos concretos parámetros fixados para a liquidación da cota tributaria.

Outra solución –como resulta a pretendida no expediente da taxa examinada– supón furtar aos interesados os instrumentos precisos para suscitar alegacións fundadas, ao carecer dos elementos necesarios para se opoñer, por razóns de legalidade, aos parámetros ou coeficientes establecidos para a liquidación da cota tributaria da taxa, deixando con iso sen contido os arts. 17.1 e 19.1 do TRLHL.
En consecuencia o expediente da súa razón non conta coa imprescindible xustificación dos criterios ou parámetros que serven en todo caso para a debida individualización do tributo conforme a súa propia natureza.
O que se fai constar aos efectos oportunos.
Narón, 11 de decembro de 2014.
O Alcalde
Asdo: José Manuel Blanco Suárez"

e ALEGACION SEGUNDA
José Manuel Blanco Suárez co DNI nº 32602432N, Alcalde-Presidente do Concello de Narón en nome e representación da entidade que presido, COMPARECE e dentro do prazo legal establecido, como documento complementario da reclamación presentada contra o acordo de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 8 Reguladora da taxa polos servizos prestados polo parque municipal de bombeiros de Ferrol, no día de onte, once de decembro de 2014,
EXPÓN
Que unha vez presentado o devandito documento no rexistro municipal do Concello de Ferrol, tivo entrada no de Narón un escrito asinado polo Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Recursos Humanos do Concello ferrolá, no que se fai constar que os pasados días ún e cinco de decembro, a través de correo electrónico facilitouse documento de pagamento correspondente ás copias solicitadas en data 27 de novembro de 2014 por esta administración, sen obter resposta ningunha.
Como queira que os devanditos correos non lograron ser debidamente recepcionados polo persoal deste Concello, e verificada coa empresa responsable da súa xestión a realidade da devandita remisión por ese Concello, pola presente se solicita se deixe sen efecto a referencia efectuada no segundo parágrafo do apartado cuarto da reclamación presentada, pregando se sirva disculpar o erro sufrido.
Así mesmo, revisada que o foi a documentación requirida e entregada nesta mesma data, previo abono da taxa establecida por expedición de copias, faise constar que pese a que no informe económico que acompaña á modificación pretendida, elaborado pola mercantil privada

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

AUDIGAL SL, se recoñece dun xeito expreso a escasa información coa que conta para a súa elaboración, - sinalando incluso que por tal motivo "non puidemos pescudar en que contía os devanditos gastos poden considerarse fixos (é dicir que se producen polo simple feito de ter operativo o servicio)" – curiosamente alcanza unha precisa determinación dos custos que cifra nun total de 3.005.325 € euros, dos que 2.888.698 € se consideran –a pesar do antedito - fixos.

E tal ausencia na fiabilidade dese cómputo dos custos fixos resulta ainda mais gravoso en tanto en canto a devandita contía resulta ser a utilizada para acadar os 5.471 euros que se pretenden repercutir aos Concellos e demais entidades recollidas no apartado 4 do artigo 5 da ordenanza modificada, posta en relación con outro parámetro ainda menos fiable e indeterminado, cal é a presunta "complexidade" das intervencións efectuadas, e que (como media, se dí) fixa en 528.

Do anterior e sen resultar posible dada a premura deste exame, proceder á concreta discusión da efectiva contía dos custos fixos ou variables, cabe deducir a incongruencia de que calquera actuación desenvolvida noutro concello non conveniado sexa "complexa", e que para as que, a sensu contrario, poderían estimarse como intervencións simples, non se teñen calculados custos fixos, únicamente repercutidos nas primeiramente citadas.

*Polo que atinxe ao **apartado dos ingresos**, mencionar que o informe prevé ingresos por subvencións por importe de 400.000 €, que en ningún caso resultan deducidos do importe total de custos como, obviamente, corresponde; mentres, nunha nova incoherencia, ao efectuarse a estimación das intervencións tarifadas complexas, as mesmas se limitan a 24, fronte ás 528 estimadas noutro apartado, cuxa valoración daría enteira cobertura aos custos fixos. Así mesmo non existe unha estimación dos ingresos a efectuar pola "Gestora de Conciertos para la contribución a los servicios de extinción de incendios AIE".*

Finalmente e tal e como se sinalou na reclamación presentada no día de onte por este mesmo asunto, este Consistorio se reitera na súa afirmación da ilegalidade da fixación aditiva dun concepto fixo na taxa denominado "custo do mantemento do servizo", denunciando expresamente a duplicidade que na repercusión dos custos supón, engadir a tal elemento fixo os utilizados para o cálculo da cota tributaria, recollidos no apartado 1 do devandito artigo 5.

Narón, 12 de decembro de 2014.

O Alcalde.-

Asdo: José Manuel Blanco Suárez

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplio como necesario resulte para o exercicio de cantas acción administrativas ou mesmo xurisdiccionais precisas resulten interpor fronte á aprobación definitiva da citada ordenanza, no suposto de no resultar aceptadas as alegacións formuladas polo Concello de Narón.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

Abstencións: 7 PP

A Favor: 7 TEGA, 2PSdeG-PSOE, 2 BNG, 1 GRUPO MIXTO

7 º.- DACIÓN DE CONTA DO CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE "AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A. " POR "FCC AQUALIA S.A.".. - O pasado once de decembro de 2014, Don Santiago Lafuente Pérez-Lucas presentou no rexistro municipal de Entrada, co nº 26.530, un escrito no que se da conta do troco na denominación social da mercantil "Aqualia Gestión integral del agua, S.A." (titular do 49 % do capital social da empresa mixta COSMA, S.A.) que pasou a denominarse FCC Aqualia, S.A.

Tal modificación non implica variación ningunha dos aspectos xurídicos da empresa que continuará operando co mesmo CIF, nin por ende supón alteración ningunha do accionariado de COSMA, que poidera modificar a relación existente na actualidade co Concello de Narón.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Por todo o exposto esta Alcaldía dá conta ao Pleno do cambio de denominación da entidade "Aqualia Gestión integral del agua, S.A." por FCC Aqualia, S.A.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONMEMORACIÓN TRIGÉSIMO ANIVERSARIO DA CREACIÓN DO SERVICIO SOCIOCOMUNITARIO".. - O vindeiro ano 2015 cumpriranse trinta anos dende a decisión da entón Corporación Municipal de Narón de apoiar a iniciativa dun auxiliar administrativo, Alfonso Filgueira López, de dotar a Narón dun equipo técnico multidisciplinar na área de servizos á comunidade e de atención ás persoas, ao ensino, formación, cultura, servizos sociais, medioambiente, etc.

Tomando como espello as únicas iniciativas xurdidas nas ciudades de Santiago, Vigo ou A Coruña, a decisión municipal cristalizou nun acordo da entón Comisión de Goberno de data 18 de xullo de 1986, polo que se creaba e estruturaba o propio departamento do Servizo Sociopedagóxico Municipal (coa principal innovación da consideración das persoas como seres integrais e a conseguinte centralización dos servizos á comunidades nun único departamento) baixo a dirección técnica do propio Filgueira López, xunto cunha maestra, unha bibliotecaria e unha traballadora social.

Será uns anos despois, xa en 1992, cando o Pleno municipal aprobe a estrutura orgánica vixente e a redenominación como Servizo Sociocomunitario.

Foron catro os pilares sobre os que se sustentou aquela tarefa – obviamente apoiada, limitada e amparada legalmente no traballo dos demais funcionarios municipais - :

a) Elaboración dun estudio para definir a situación socioeducativa e cultual de Narón ou "mapa escolar".
   Así redactouse e editouse o Mapa escolar, útil para fundamentar a construcción dun novo instituto (o Terra de Trasancos); e construíronse os centros escolares do CRA Trasancos e Narón; CEIP Piñeiros; Ampliación do CEIP Ponte de Xuvia, creación dun dos primeiros colexios rurais agrupados de Galicia, que servíu como modelo para outras zonas rurais e concellos galegos, etc.

b) Dotación a Narón das súas sinais identitarias que facultaran a identificación dos seus veciños co seu territorio.
   A tal fin realizouse un estudio de investigación sobre o acontecer histórico de Narón que cristalizo unas obras "Narón, un concello con historia de seu" do historiador e arquivero Andrés Pena Graña.

c) Acadar a cualificación da mocidade de Narón, por entón cun alto índice de abandono escolar, como medida de futuro e prevención da exclusión social.
   Creouse entón o Proxecto de Escola Obradoiro Concello de Narón, que daría formación e traballo durante tres anos a cinconta persoas de entre 16 e 30 anos) e despois o Centro de Formación Irmáns Froilaz.
d) Deseñar e dotar dunha verdadeira oferta de servizos sociais, educativos, culturais, ocupacionais.. a todos os sectores da poboación – maiores, escolares, xóvenes, mulleres, homes, persoas con discapacidade, etc – cunha constatable proximidade aos barrios e parroquias.

Así mesmo nos últimos anos e cun continuo crecimiento poboacional e funcionarial foron múltiples as iniciativas que cristalizaron nese eido coa dotación de novos servizos específicos e a creación doutras infraestruturas tales como escolas infantis ou centros de maiores.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

En fin, con ocasión desa efeméride o Concello de Narón realiza un sinceiro homenaxe a aqueles que traballando en equipo, cunha metodoloxía de traballo transversal e multidisciplinar, acadaron un recoñecido servizo á cidadanía. Citemos pois a
ALFONSO FILGUEIRA LOPEZ
Mª ESTHER FERNÁNDEZ DÍAZ
ANDRÉS PENA GRAÑA
X.PABLO LOMBO
XOSÉ GRANDAL
EMILIA SEOANE
JORGE BARREIRO
JAVIER FREIRE
VALENTÍN DÍAZ
MERCEDES MUÍÑOS LÓPEZ
XAVIER PICOS
DANIEL CÁNOVAS
FRANCISCO LORENZO MECHOSO
MARÍA DEL CARMEN BAR CENDÓN
FEDERICO ARMENTEROS
E O PERSOAL ACTUAL DO SERVIZO
A todos eles e aos que poideran quedar sin nomear, sentar as bases do que hoxe é un orgullo a nivel galego de funcionamento de servizos á comunidade
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a Declaración Institucional transcrita.

9 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA.. - Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxé á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollerse a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	***O INEGA aínda non publicou os datos***

aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como diciamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervido polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito –sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompiblidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como diciamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

E visto o ditame favorable, por maioría, con 4 abstencións do Partido Popular e 7 votos a favor do resto (4 TEGA+1PSdeG-PSOE+1 BNG+ 1 GRUPO MIXTO) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 18-12-14, o seu presidente propón ao Concello Pleno a súa aprobación nestes memos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: A favor 7
PP: En contra 7
BNG: A favor 2
PSdeG-PSOE: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1

10º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Non se formularon.

11º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO

O Sr.alcalde acctal. informa aos/as Sres./as concelleiros/as que as resolucións da Alcaldía e dos concelleiros/as delegados/as están á súa disposición nas oficinas da Secretaría Xeral.

12º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 10:45 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde acctal. comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE ACCTAL.

Concello de Narón · Alcaldía

Asdo.- GUILLERMO SANCHEZ FOJO

A SECRETARIA SUBSTITUTA

Concello de Narón · Secretaría

Asdo.- MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es